



Paulino Vázquez naceu en 1962 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense), onde viviu ata 1973. Aquel sería o ano en que seus país regresarían da emigración, e a familia trasladaríase a Vigo. Entre a Universidade de Vigo e máis tarde a de Santiago de Compostela cursa Filoloxía Galego-Portuguesa, licenciándose en 1985. Aquel mesmo ano entra a traballar no ensino medio como profesor de galego, residindo na capital galega dende hai xa preto de tres décadas.

Deuse a coñecer como poeta nos anos oitenta, de aí que sexa encadrado pola crítica en dita xeración. O seu debut veu da man do Premio Celso Emilio Ferreiro do Concello de Santiago en 1982, por *Perdendo o tempo que fuxe como Xoán Sebastián Bach*, título que vería a luz o ano seguinte en edición de autor. Seguiríanlle *Seixo de desfacer entre os dedos* (1985), *Aquí podían ser os pés de arxila* (1992) e *Un áspero tempo de caliza* (1994) que acada o Premio Miguel González Garcés da Deputación da Coruña. Máis tarde viría *A experiencia inglesa* (1998) e por último *Arcaico o tempo que respira* (2009), mentres *Na árida rexión* permanece inédito.

Ademais, Paulino Vázquez ten contribuído con artigos literarios en xornais como El Correo Gallego ou revistas como Dorna e Grial. Tamén quedou ao seu coidado –en colaboración con Manuel Lorenzo Baleirón– a edición literaria de *Gramática do silencio. Obra poética* de Eusebio Lorenzo Baleirón (1996), colaborando activamente na organización do certame literario que leva o nome do poeta de Dodro.

*Regresas ao tempo da casa dos mortos, a casa do pasado
que nos sustenta como os veus de arañeira a xeadada
a respiración arcaica de quen habitou un tempo opaco
e un día partiu . De que modo se apousa nos recantos
íntimos a poeira secular deixada en lentos aposentos
o murmurio de voces dos que xa non están.
Na penumbra algo se resiste ao esquezo
como liquen incrustado en pedra gris. Do fonal
da opacidade somos convocados polo alento
de xeracións que cesan, pola chuvia de inverno.
Partir e regresar son parte dun mesmo exilio
que alenta os vellos rostros en marzo.*



(**PAULINO
VÁZQUEZ**)

Luns **19** de **xaneiro**
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS
DI(N)VERSOS



Samira Negrouche





Dati H

A alxeriana **Samira Negrouche** (1980) é unha escritora e poeta francófona residente en Alxer, onde ten traballado como organizadora de eventos literarios e interdisciplinares. Ademais, fai parte do consello internacional do festival de poesía Voix de la Méditerranée en Francia, como tamén do Consello Nacional das Artes e a Literatura de Alxeria.

Médica de profesión, dende hai algúns anos dedícase por completo aos seus proxectos creativos. Autora de libros de poemas, narrativa e pequenos ensaios, con frecuencia amosa o seu traballo en colaboración con músicos, intérpretes ou artistas visuais de ámbito internacional. Publicándose á vez en Francia e en Alxeria, os seus libros de poemas son *À l'ombre de Grenad (Á sombra de Granada)* do 2006, *Le jazz des oliviers (O jazz das oliveiras)* do 2010, ou o máis recente *Horizon Seuil (Horizonte Limiar)*, –froito do cal desenvolve un espectáculo multidisciplinar con outras tres creadoras de Grecia, Francia e EEUU– a carón doutras obras traducidas e publicadas en Italia (2011) e Arxentina (2012). En Bulgaria está xa no prelo unha antoloxía dos seus relatos curtos. Amais diso, poemas seus foron vertidos a máis de quince linguas, para ver a luz en revistas ou libros colectivos.

Negrouche é tradutora de poesía árabe contemporánea para o francés, dende linguas como o árabe, o inglés ou ocasionalmente o tamazight, dadas as súas propias orixes bérberes. En 2012 publicou en París unha gran antoloxía de poetas alxerianos francófonos contemporáneos, e creou un espectáculo centrado nesa tradición poética dende os anos trinta ata a actualidade.

ALXER

Nesta xornada crebada de decepcións onde o azul deixou o mar para invadir o outeiro, cadeas blindadas en minúsculo amasillo, media noite, aborta o día librando á Casbah aos seus ciscallos. Convoco a memoria de Alxer, dos seus emporios mariños, dos carros de ocupación, convoco a Hasiba, a Djamila, a Diduche e a Budiaf, os antergos e os amnésicos, os violadores de soños e os traidores de sempre, convoco a cada pinga derramada a cada humillación, que xurda ao fin a baía e que ela nos habite, que abra as nosas pálpebras pegadas, que esperten Al Anka e os diváns asediados, que se abran os limiares das nosas casas e que se eleve o canto novo. Que se erga o TGV express, que traia a brisa de Tánxer e que inicie a súa carreira de Tunes a Alexandría e de Beirut a Istambul. Que se abra un día novo e que media noite brinde bálsamos de xasmín.



(SAMIRA NEGROUCHE)

Luns **19** de **xaneiro**
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Paulino Vázquez

